



Tutorial:

Incrustación dun vídeo de Youtube en Moodle


1. Vai ao sitio de Youtube (www.youtube.com) e busca o vídeo que queres incrustar no teu curso de Moodle. Debaixo da xanela do vídeo hai un botón que di “Compartir”. Prememos nel:



2. Entón, verás que aparece debaixo un novo menú cun botón “Insertar”. Preme nel:



3. Entón, dáseche a oportunidade de escoller o tamaño co que queres que se vexa o vídeo. Tes catro tamaños para escoller, ou ben, podes introducir os nosos propios valores. Ten en conta que, de todos os xeitos, o tamaño pódese axustar despois de incrustado o vídeo. Por iso, se queres, podes omitir este paso.



4. Agora copia o código que che aparece no recadro. Ten coidado de seleccionalo INTEGRAMENTE; se deixas quedar un só carácter, xa non funcionará:



Para copiar unha vez seleccionado o texto, tes tres posibilidades: a) premes CTRL+C; b) no teu navegador, vas ao menú superior da pantalla “Editar” > “Pegar” (como na figura 1 de abaixo), ou c) fas clic co botón dereito do rato sobre o texto seleccionado e escolles “Pegar” (como na figura 2 de abaixo)




Figura 1






Figura 2

5. Unha vez feito isto, vai ao noso curso na Aula Virtual e abre en modo edición unha páxina web que xa tiveses creada, como se mostra na imaxe, facendo clic na manciña da dereita:




NOTA: Tamén tes a posibilidade de crear unha nova páxina, en “Engadir un recurso” > “Elaborar páxina web”.


6. Ao facer clic na manciña (ou ao crear unha nova páxina), aparecerá o menú de elaboración da páxina web, co recadro no que podes escribir, incrustar ou enlazar calquera cousa:




7. Fai click no punto da pantalla no que queres que apareza o vídeo. Entón, fai clic no botón “<>” situado na parte superior dereita da barra de ferramentas:



8. Sen tocares a nada, simplemente presiona CTRL+V para pegar o código de incrustación que copiaras no sitio de Youtube (se xa copiaches outras cousas nos pasos intermedios, podes volver a Youtube e volver copiar o código, para asegurarte). O resultado debería ser algo tan raro como isto:




9. Agora vai á parte inferior da pantalla e preme en “Gardar e continuar” ou “Gardar e volver ao curso”



10. E deberías ver o vídeo incrustado na páxina web deste xeito:




11. Se o vídeo che parece moi grande ou moi pequeno, podes editar o seu tamaño da seguinte maneira: Edita a páxina web (premendo na “manciña” de sempre). Logo, preme no botón “<>” (como se foses incrustar outro vídeo). Entón, verás o código que viches antes, cando incrustaches o vídeo:



12. Verás que dentro do código hai dous parámetros: width e height (ancho e alto do vídeo, respectivamente), seguidos dun número. Se alteras eses números (manualmente), estarás a cambiar o tamaño do vídeo. Despois de facer os cambios, unha vez máis, preme en “Gardar e continuar” ou “Gardar e volver ao curso” para ver o resultado. Se non che gusta, repite os pasos 11 e 12 ata que o resultado sexa do teu agrado.

13. Tamén podes centrar o vídeo na páxina web utilizando os botóns que tes na barra de ferramentas, á esquerda:



14. E se queres cambialo de posición, xa non fai falta (en principio) volver premer o botón “<>”. En modo normal, seleccionamos o vídeo e arrastrámolo ata o punto no que queremos velo.